



**AULA DE CULTURA
CAIXA DE AFORROS
DE GALICIA**

- AREA DO FERROL -

- TEATRO -

NO CASINO DE REDES

Sábado 17, Novembro 8 da tarde

**O GRUPO TAGALLO DO CIRCULO DE PERLIO
poñerá en escea**

« FARSA DE BULULU »

de Manoel Maria

"TEATRO TAGALLO"

O Grupo de Teatro "TAGALLO" do Círculo de Perlío naceu en 1974 co nome de TEATRO CIRCULO, no seo do C.C.R.D. de Perlío.

Deica hoxe leva feitos os seguintes montaxes: seis obras de teatro: "O CANTAR DOS CANTARES" e "A TIA LAMBIDA" de E. Blanco Amor, "ROMERIA AS COVAS DO DEMO" de Manuel Lourenzo, "UN LOSTREGO NA NOITE" de R. González Alegre, "O CIRCO DE TIZA CAUCASIAN" (traducida e adaptada polo Grupo) de B. Bretch, e "UNHA VEZ HOUBO UN MUNDO NOVO" de Cilistro Ledo, dous cadros escénicos de Castelao - "O INGLÉS" e "O RETRATO" -, dúas pezas de mimo: "A MOSCA" e "O ROBOT" -e un Recital de Poemas de Ramón Cabanillas por adicárselle o Día das Letras Galegas. Con estes montaxes actuouse en numerosos pobos do noso país, participando tamén na 4ª e 6ª MOSTRA DE TEATRO GALEGO DE RIBADAVIA.

Durante este tempo o Grupo tivo varias estruturacións e formas de traballo. Con este novo montaxe, escomenzamos unha nova etapa "O traballo colectivo" tencionando desenrolar mellor os obxetivos teatrais do Grupo coa intención de mellorar a calidade dos montaxes e así contribuir á estabilización do TEATRO GALEGO.

REPARTO

CRIADA	Ana Rosa Gómez
GRAN MARISCAL	Gonzalo Rodríguez
SARXENTO MAIOR	Xaime Cagiao
BULULU	Xavier Fernández
MEDICO REAL	Aurora Prieto
GRAN CANCELLER	Xosé Lúgaro
MINISTRO DA FACENDA.....	Ramón Espada
FACUNDA	Mabel Rivera
GRAN BANQUEIRO.....	Xaime Cagiao
Maquillaxe)	
Vestuario)	TAGALLO
Escenografía)	
TECNICOS (luz e sonido).....	(Paco Ana Rosa
DIRECCION DE ESCEA	Carlos Basoa

Llenemos el teatro de espigas frescas,
debajo de las cuales vayan palabrotas
que luchen en la escena con el tedio
y la vulgaridad a que la tenemos con-
denada, y saludemos hoy en "La Tarumba"
a Don Cristóbal el andaluz, primo del
Bululú gallego y cuñado de la tía Narica,
de Cádiz; hermano de Monsieur Guñol,
de París, y tío de Don Arlequín,
de Bérgamo, como uno de los personajes
donde sigue pura la vieja esencia del
teatro.

FEDERICO GARCIA LORCA, remate do
RETABILLO DE DON CRISTOBAL.

"FARSA DE BULULU"

Orixinal de Manoel María. 1º Premio do 1º Concurso de
Obras teatrás "ABRENTE 1973", co título "O meu mun-
do non é deste reino".

""A DINASTIA DOS BULULU
SEMPRE TIVO BOA SALU""
""E DENDE QUE EMPARENTOU CON FACUNDA
NON HAI FORZA QUE A FUNDA""

O Rei BULULU goberna no reino que leva o seu nome, asistido por unha corte "Celestial" de Ministros e Funcionarios que lle fan o xogo constantemente a fin de se manter nunha situación craramente privilexiada. Un bó día, BULULU decide casar coa DAMIÑA FACUNDA, sendo esta decisión altamente desfavorable prós membros do seu consello, que non tardan en comprobar como a RAIÑA asume totalmente os poderes reais e pon remate ós seus privilexios. Ante a perigrosa situación, os membros do goberno deciden tomar drásticas medidas.